

Comunicado nº 022/16
8 de febreiro de 2016

NOTA DE PRENSA DA “FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO”.

En Ourense, a 8 de febreiro de 2016.

Á vista das declaracións aparecidas en diversos medios de comunicación en relación a esta Federación e á Mención Presidente 2015, faise necesario manifestar que:

- A “Federación Galega de Automobilismo” non recibiu nin ameazas nin presións da Garda Civil para, como se afirma, retirar unha distinción a V.F. e é, por tanto, incerto que algún membro da Federación lle manifestase así a ela ou o seu entorno.
- É incerto que a mención de V.F. fose substituída por unha mención a algún alto cargo da comandancia da Coruña, e en concreto ao Xeneral Feliz Cadenas.
- A Federación Galega de Automobilismo, decidiu e así llo transmitiu a V.F., recoñecer o traballo desta, así como de todos os membros da Garda Civil, nas probas do Campionato Galego e por iso fixo extensiva a mención a toda a Garda Civil.
- Dita mención Presidente 2015, como é lóxico, ao ser un recoñecemento aos servizos prestados por todo o colectivo que integra a Garda Civil, será entregada á persoa que, por estrutura orgánica, sexa designada polo devandito Corpo para recibir a mención en nome do colectivo, o que non converte a mención en nominativa.
- O nome do Xeneral Xefe figuraba na mención por entender a Federación que é o máximo responsable da Garda Civil en Galicia.



NOVO ENDEREZO DA SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE, DA XUNTA DE GALICIA.

A Secretaría mudou de ubicación, para adecuala a nova situación do Deporte Galego, e o novo enderezo: Edificio da Escola Galega da Administración Pública.

Polígono das Fontiñas

Rúa de Madrid, 2-4, 2ª Planta

15707 Santiago (A Coruña)

Teléf.: 881 996 348 / 353

Fax: 881 996 356

FOTOGRAFÓS/AS COLABORADORES COA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO 2015-2016.

Begoña Silva “begosileiva@gmail.com”.

Gonzalo Belay “fotobelay@hotmail.com”.

Romina Domínguez “rominadg1983@gmail.com”

Galiciaenrallyes.com “trykysport@hotmail.com”

María Bouzas Garabato “mbouzasgarabato@gmail.com”

Gerardo Luaces “<https://www.facebook.com/gerardo.luaces>”